

ACTA - Resumo reunión RedeOU

Día: 30 de xullo 2016

Lugar: Pereiras, concello de Taboadela.

Reunidos representación de Taboadela, Toen, Punxín, X de Ambía, Beariz, Carballiño e Ourense.

1º Repasar borrador da rede.

Apróbase un documento base con achegas e sen pechar. Estúdiase a posibilidade de facer un órgano para poder pedir subvencións, dominios de internet, e unha representación ante órganos públicos en caso de necesidade. Quedando clara a independencia e cada grupo en apoiar ou desmárcase destes temas. O marco para definir estas propostas podería ser unha asociación cultural ou similar, sempre tendo clara a función da rede e non suplantar a ningún nin e máis ben por motivos de eficacia e administración.

Queda nomeado un grupo momentáneo para pór a funcionar este borrador, rexeitando Xabier e Bernardo á súa inclusión nos órganos de traballo.

Coordinador: Carlos Toén, voceiros: Joaquín Punxín e José Antonio Taboadela, secretario: X. Ambía, tesoreiro: Beariz.

Se non hai trocos de última hora todo isto estará ata próxima reunión onde se decidirán definitivamente, sendo o prazo de representación dun ano prorrogables.

2º Análisis das eleccións e marea constituinte.

Os asistentes ás mesmas David, Carlos, Bernardo, Xabier, comentan as súas impresións, son todas positivas. A rede manifesta o seu apoio ao constituínte e transmite á súa dispoñibilidade a cooperar dende o ámbito rural, a espallar a mensaxe e colaborar na campaña da marea.

Así mesmo faise saber a necesidade de apostar máis polo rural na campaña para tentar atraer votos dos pobos, xa que pénsase que nas últimas eleccións o rural quedou sen explotar o seu potencial de votos cara a marea, sempre en tono positivo e constructivo; defecto foi unha aportación miña é de sentir común nos presentes. Só Punxín comenta que seus votantes de cambio intelixente son só PSOE e PP, máis o represnetante de Punxín concorda que o enemigo á batir e actual xunta.

Mandarase á prensa unhas declaracións de apoio á marea e a dispoñibilidade da Rede a colaborar na campaña.

3º Outros:

Fálase de ampliar a colaboración a concellos limítrofes como a Cañiza para axudalos no que se poida mentras non teñan unha rede ou similar na súa provincia. O fundamental é ampliar a idea de colaboración entre os diferentes actores políticos e non políticos pero que teñen o que teñan os mesmos principios e mesmas metas. Quedando clara a vontade de non inmiscuirse noutras provincias máis ala do plano de compartir información e axuda mutua, sin ter voto na redeou. Repártese o territorio entre os asistentes para falar directamente cos grupos, asociacións etcc, que teñan inquedanzas de mudar as cousas no seu concello sempre dende o prisma progresista

Por último, queda definido o **sábado 17 setembro para próxima xuntanza**. Xa se dirá o concello